

### **OS PREMIOS DEPORTE E VIDA:**

Os premios do Plan Deporte e Vida (PIDEVI) forman parte do Plano de Fomento e Ordenación da práctica deportiva tendo como finalidade recoñecer a aqueles clubs que se distinguen por educar os/as deportistas potenciando e recuperando os bos comportamentos e valores que, xunto ao esforzo pola superación persoal e o traballo en equipo, constitúen a base formativa dunha sociedade plural e solidaria.

### **BENEFICIARIOS:**

Son beneficiarios do PIDEVI todos os clubs federados dos Concellos de Santiago, Ames, Teo, Oroso, o Pino e Vedra.

### **COMITÉ DE SELECCIÓN**

O Comité de Selección creado para outorgar os Premios DEPORTE e VIDA está integrado polas seguintes persoas:

- En representación das **Federacións de Deportes Colectivos: Enrique Otero, da Federación Galega de Fútbol**
- En representación das **Federacións de Deportes Individuais: Iván Sanmartín, da Federación Galega de Atletismo**
- En representación dos **árbitros/as: Francisco Guillamet, do Colexio Galego de Árbitros de Baloncesto**
- En representación dos **pais e nais: Ramón Otero**
- **Os empresarios/as: José Manuel Beceiro, Xerente da AEPIT**
- **Os medios de comunicación: Antonio Bermúdez**
- **Como Secretario do Comité actuou José Manuel Lobato.**
- En representación do **Padroado da Fundación Compostela Deporte, o seu Xerente Santiago Araújo.**

**CONTIA DOS PREMIOS:**

**1) Premios DEPORTE e VIDA** para cada unha das categorías cunha contía de **2.000 €** aos gañadores e **500 €** para os seguintes clubs seleccionados nos respectivos apartados.

- **SAÚDE:**

- **Club Hockey Compostela**
- **Club Olímpico de Vedra**
- **S.D. A Gaiola**
  - **GALARDOADO: CLUB HOCKEI COMPOSTELA**
  - **ENTREGA: ANDRÉS FARIÑA: Concelleiro de Sanidade.**

**ACCIÓNS DESTACABLES POLO QUE FOI SELECCIONADO O GALARDOADO:**

- A prevención do consumo de drogas legais e ilegais faise en colaboración dos médicos cos adestradores e a directiva facendo un seguimento constante Impártense unhas directrices de hixiene por parte dos adestradores e da directiva.
- O club conta cunha licenciada en INEF que conduce tanto a preparación física como a alimentación e nutrición dos deportistas.
- Contan con dous doutores que fan o seguimento médico, atenden as lesións en primeira instancia e coa preparadora física fan o seguimento da alimentación.

- **EDUCACIÓN:**

- **Arteal Tenis de Mesa**
- **Bertamiráns FC**
- **Xacobeo 2010 Lobelle de Santiago FS**
  - **GALARDOADO: XACOBEO 2010 LOBELLE DE SANTIAGO FS**
  - **ENTREGA: MERCEDES ROSÓN Concelleira de Educación**

**ACCIÓNS DESTACABLES POLO QUE FOI SELECCIONADO O GALARDOADO:**

- Realizan visitas aos colexios cos xogadores do primeiro equipo para promover hábitos de vida saudábeis.
- Distribución da Guía didáctica de promoción do Xogo Limpo.
- Educación en valores e en deportividade nos Campus.
- Reunións e asesoramento a nais e pais.

---

## ACTO DE ENTREGA DOS PREMIOS PIDEVI

- Convenio coa Universidade para proxectos de investigación.
- Xornadas formativas dirixidas a técnicos e xogadores.
  
- **BENESTAR SOCIAL:**
  - **Asociación ASPAS**
  - **CD Belvís-Don Bosco**
  - **Hockey Club Raxoi**
    - **GALARDOADO: CD BELVÍS-AD DON BOSCO**
    - **ENTREGA: MAR MARTÍN Concelleira de Benestar.**

### ACCIÓNS DESTACÁBEIS POLO QUE FOI SELECCIONADO O GALARDOADO:

- Organización de Torneos Solidarios, (Un quilo un sorriso) como instrumento para o fomento dos valores da solidariedade dos participantes. No ano 2009 o obxectivo era apoiar a construción de casas de acollida rurais no Perú.
- A Organización de Xornadas con Actividades deportivas, através de xogos populares, en clave interxeracional, onde participan nenos, adultos e familias:
  - Mañás no Bosco
  - Campamento Urbano
  - Acampada de Cativos
  - Convivencias de Fin de semana
  - Xuntanzas deportivas e concentracións anuais

Apoio escolar para aqueles deportistas que o desexen

- **NON VIOLENCIA:**
  - **CD Conxo**
  - **Club San Francisco de Teo**
  - **E.D. Xuventude Oroso**
    - **GALARDOADO: CD CONXO**
    - **ENTREGA: VÍCTOR TOBÍO, Secretario da Fundación.**

### ACCIÓNS DESTACÁBEIS POLO QUE FOI SELECCIONADO O GALARDOADO:

- A difusión de valores e accións sobre a non violencia e o xogo limpo, son constantes nas distintas modalidades deportivas do C.D. Conxo.

---

## ACTO DE ENTREGA DOS PREMIOS PIDEVI

- A sinatura de convenios con outras entidades deportivas establece expresamente o cambio da rivalidade pola colaboración.
  - A convivencia de centos de nenos de diversas idades, e nacionalidades .
  - O premio outorgado pola Sociedade de Pediatría a un xogador cadete acredita a aposta pola deportividade.
- 1) **PREMIO ESPECIAL DEPORTE e VIDA de 3.000€** para o club seleccionado que sexa merecedor de tal distinción pola súa labor na execución conxunta dos catro programas anteditos.  
**GALARDOADO: XACOBEO 2010 LOBELLE DE SANTIAGO FS**  
**ENTREGA: XOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ BUGALLO, PRESIDENTE DA FUNDACIÓN.**

### TROFEOS SOLIDARIOS:

O Trofeo á **EMPRESA SOLIDARIA** que se distinga no apoio ao deporte a través da súa responsabilidade social corporativa correspondeu este ano á empresa NOYAMOVIL polo seu apoio ao deporte na cidade de Santiago desde a década dos 70. Nesta década coa denominación de Autolavado patrocina a equipos de distintas categorías de Fútbol Sala.

Na década dos 80 Jesús Chenel coa denominación de Talleres Noya, apoia ao deporte de Santiago, con equipas de distintas categorías de Fútbol Sala e Fútbol, tanto propios (categorías inferiores e veteranos) como patrocinados. Actividade que continúa realizando na década dos 90 coa denominación de Noyamóvil.

A partir do ano 2000 Jesús Chenel, coas denominacións Noyamóvil e Noyastar, apoia ao deporte da cidade e o resto de Galicia patrocinando equipas de distintas categorías salientando os seguintes:

- ❖ Fútbol: Atlético Fátima e Compostela na actualidade, e Ciudad de Santiago
- ❖ Ciclismo: O Karpin Galicia
- ❖ Automobilismo: Pedro Castañón na categoría júnior no campionato portugués de Karts, nos campionatos de montaña, e no novo campionato de España de carrozados na actualidade.
- ❖ Baloncesto: Apoio ao Clube Rosalía de Castro.
- ❖ Así mesmo, Noyamóvil é membro do padroado da Fundación Compostela Deporte.

---

**ACTO DE ENTREGA DOS PREMIOS PIDEVI**

**ENTREGA: JORGE SANTOS, Tesoureiro da Fundación**

O Trofeo á **ASOCIACIÓN SOLIDARIA** que se distinguiu no apoio ao deporte recae na presente edición a **Agrupación de Deportistas Veteranos de Santiago de Compostela**, pola tarefa: de máis de 30 anos que leva organizando o fútbol de Veteranos. Así mesmo, tamén ampliaron a actividade deportiva ao longo destes anos organizando o Fútbol Sala Sénior e das súas categorías inferiores axudando ao fomento do deporte base. Un pouco máis tarde chegou a actividade feminina froito do que xurdiu a equipa que compite na liga Autonómica Femenina de Fútbol Sala, conseguindo por catro veces consecutivas o título de Campión, Campión de España de Clubs e Medalla de Bronce no Campionato de Europa de Clubs celebrado en Chequia

Todo isto fai que sexan cinco mil os deportistas que participan en todas las categorías que organiza esta Agrupación.

A Agrupación de Deportistas Veteranos de Santiago de Compostela pertence ao Comité Organizador do Deporte Aficionado de España (CODA) ocupando dos –Vicepresidencias. Organizando o pasado ano 2009 o campionato de España correspondente, en el que participaron 1.800 deportistas das distintas Autonomías pertencientes ao Coda. Así mesmo conta con colectivo arbitral propio.

**ENTREGA: BERNARDINO RAMA, Vicepresidente da Fundación.**

**OUTRAS AUTORIDADES PRESENTES NO ACTO:**

- ❖ **Carlos Fernández, Alcalde de Ames.**
- ❖ **Anxo Rei, Concelleiro de Turismo de Teo.**
- ❖ **Distintos concelleiros do Concello de Santiago do PSOE, PP e BNG.**